

A ESMORGA

Eduardo Blanco Amor

Eduardo Blanco Amor naceu en Ourense en 1900 e morreu en Vigo en 1979. De moi novo emigrou a Buenos Aires e non volveu ata a década dos 60. Antes de marchar contactara con Risco e Noriega Varela, e tamén traballou no *Diario de Ourense*. Unha vez fóra, dirixiu numerosas revistas galegas e colaborou no diario *La Nación*. Durante este tempo viaxou dúas veces a España e nunha das ocasións entrou en contacto coa xeración do 27 e, en especial, con García Lorca.

Desde Argentina defende na prensa a causa republicana durante a Guerra Civil española.

Tamén fundou o Teatro Popular Galego de Buenos Aires e foi profesor en universidades de Paraguay e Chile.

Escribiu poesía, teatro e novela. Unha das publicacións máis importantes de poesía foi en Argentina: *Poema en catro tempos* (1931). No teatro, afástase do tradicional galego: *Farsas para títeres*; *Teatro pra xente*. Na novela, é quizáis, onde cobrou máis importancia, aínda que non publicou nada ata 1959 que é cando sae *A esmorga*, novela que se convertiu nun clásico da literatura galega e que foi publicada en Buenos Aires. Ten outras dúas novelas: *Os biosbardos* (1962) e *Xente ao lonxe* (1972).

Blanco Amor representa coa súa obra o denominado realismo social que inicia coa publicación de *A esmorga*. Isto consiste na caracterización dos seus personaxes e os ambientes nos que se moven, que están sempre relacionados co subdesenvolvemento social e económico da Galiza deses anos. Os protagonistas son de clase baixa e os lugares son zonas rurais.

–1–

Linguaxe

A respecto da lingua utilizada polo narrador, vemos que se achega o máximo á fala popular. É unha lingua coloquial e por veces vulgar, plagada de hiperenxebrismos, arcaísmos, vulgarismos...

Todo isto dificulta levar unha lectura fluída. O emprego desta lingua xustifícase pola condición social dos personaxes e polo ambiente onde se desenvolve.

O narrador acode a este tipo de recursos expresivos e lingüísticos para facer máis creíble a situación e para que o lector se mergulle na historia e se convirta nun observador dos acontecementos.

Algúns dos exemplos clasificados son os seguintes:

- Hiperenxebrismos: *carreteira** – *carretera* (que é á vez un castelanismo porque sería *estrada*), consiste na formación do onde non o hai; *ensíño** – *ensino*, cambio do n polo ñ.
- Castelanismos: *sepa** – *saiba*
- Vulgarismos: *fía** – *fila*; *asoparar** – *separar*; *chovere** – *chover*; *vrau** – *verán*; *premis** – *permiso*
- Arcaísmos: *cibdade** – *cidade*; *door** – *dor*; *conquerir** – *conseguir*; *vegada** – *vez*
- Lusismos: *sul** – *sur*; *até** – *ata*; *cara** – *querida/estimada*.

Tamén fai contraccións propias da fala como por exemplo: *nefeuto** – *en efecto*. E di indistintamente: *vegada* e *vece*, para vez, así como *até* e *hastra* para ata.

Narradores

Nesta novela encontramos dous narradores, ámbolos en primeira persoa:

- O primeiro aparece na Documentación e no epílogo da obra. Este é un narrador en primeira persoa pero que está fóra da historia (narrador–cronista).

–2–

- O segundo narrador, o acusado, é un narrador–protagonista ,se nos referimos aos feitos da noite de esmorga e, tamén é narrador–testemuña cando está declarando ante o xuíz.

Así, o cronista da Documentación e o Cibrán son autores implícitos e Blanco Amor é o autor real.

Estuctura

A historia xira arredor da declaración dun acusado ante un xuíz.

A declaración vai precedida por unha introducción realizada por un narrador cronista ,que nos informa da recollida de documentación a partir da que elaborou a novela. As fontes das que se vale son:

- A tradición popular
- Un tío del que fora ministro do xulgado
- Un xastre, o tijeradeiro
- Vellos boletíns locais do Casino de Caballeros

A novela remata cun breve fragmento do mesmo narrador–cronista onde nos conta a solución final que decide o Cibrán ante o que lle agardaba.

A parte fundamental da historia, que é a declaración, está constituída por cinco capítulos e ata o final non se sabe cal é o feito que leva ao Cibrán a ter que declarar ante un xuíz, e tampouco se descobre ata o capítulo IV o misterio do pazo dos Andrada.

No capítulo I, o xuízo xa está empezado, e é cando empeza a relatar os acontecementos da noite de troula co Milhomes e co Bocas. Neste capítulo é cando o Cibrán fala por primeira vez do pensamento e que seguirá ata o último capítulo.

Nos capítulos II e IV visitan os espazos prohibidos para eles. É a festa no castelo e a entrada na casa dos Andrada.

Nos capítulos I, III e V pódese observar cómo os protagonistas ocupan lugares como tabernas, prostíbulos, etc. Todos eles nos levan a pensar na marxinalidade da que eran

fillos e queda claro o lugar que ocupan na sociedade. Os lugares que frecuentaban xa

–3–

estaban asignados para eles.

A chuvia, a xead, o desenvolverse a acción na noite, etc., xogan un papel simbólico na novela, pois reflicten a escuridade da vida dos protagonistas e o seu mal vivir.

Ao longo da obra tamén se relatan outras historias secundarias onde aparecen outros moitos personaxes. Por iso, en moitas ocasións, o xuíz interrompe o discurso do Cibrán para recordarlle que non se afaste da historia que interesa:

– << >>

- << ¿ Como, señor? Non me aparto do conto nin un instante.... Estou a decir as cousas polo seu comenzo, que unhas viñeron das outras e si unhas non houberan pasado, as outras tampouco.>>

O tempo

En *A esmorga* encontramos dous tempos de acción distintos ao igual que hai dúas narracións tamén distintas:

- O tempo que dura a declaración de Cibrán ante o xuíz: dous días. O primeiro comprende os capítulos I e II, e o segundo os capítulos III, IV e V.
- O tempo no que ocorren os feitos que relata o Cibrán: desde que sae para traballar ata que ao día seguinte o atopan os barrendeiros.

O primeiro tempo non ten interrupcións, mentres que no segundo hai frecuentes interrupcións para introducir na historia outras anécdotas. Algunhas das interrupcións máis importantes son:

- A información sobre o tipo de vida do Bocas e do Milhomes.
- A historia do fidalgo de Andrada e da súa dona.

Personaxes Principais

CIPRIANO CANEDO: Cibrán, o Castizo

JUAN FARIÑA: O Bocas

ELADIO VILARCHAO: O Milhomes

O XUIZ

–4–

–CIBRÁN–

Cipriano Canedo, Cibrán, é o personaxe principal da novela.

Él é un obreiro, entre tantos, que vive en Auria (unha vila de Ourense). A súa posición económica podémola situar entre os sectores máis baixos da sociedade. Forma parte do proletariado urbano con traballos esporádicos e unha condición de vida miserenta e moi próxima á delincuencia.

Algo que preocupa moito ao Cibrán é o pensamento, que só consegue librarse del co viño (segundo di el) ou se non, estando moi ocupado con outras cousas.

O pensamento é algo parecido ao remordemento. Este aparécelle cando está a facer algo que sabe que non debería ou cando está preocupado por algo.

Dos tres esmorgantes, Cibrán quizáis sexa o menos marxinal e o máis racional. El quere ter unha boa vida e ser un bo home, un bo pai e un bo cidadán.

Respecto da súa actuación ante o xuíz, séntese inferior socialmente, culturalmente e mesmo lingüísticamente.

–BOCAS E MILHOMES–

Son personaxes protagonistas xunto co Cibrán, de feito son os seus compañeiros nesa noite de troula.

Son máis conflictivos socialmente que o Cibrán. Non pensan na súa marxinalidade, cousa que os leva a librarse do pensamento, e convértense en vítimas do sistema social ao que están sometidos e que os acaba destruindo. Eles non buscan a saída desa marxinalidade coma o Cibrán. A súa situación económica é parecida á deste.

A actitude destes dous amigos tamén leva a pensar que son homosexuais. O Bocas ten unha certa dependencia afectiva do Milhomes, o que os levou a entrar en pelexas varias veces. A homosexualidade de Eladio Vilarchao é apuntada polos alcumes que lle teñen: Setesaías, Milhomes, Maricallas... e porque non lle gustaba que o Bocas andase con mulleres e ademais porque este, cando bebía, prestábase aos xogos co Milhomes. Por outra banda, o Bocas é heterosexual cando está baixo os efectos do alcol, como se ve por exemplo no capítulo IV, cando desexa desesperadamente estar coa dona da casa dos Andrada ou cando anda coa vaguesa no capítulo III. Nos dous casos está bébedo.

–5–

–O XUÍZ–

É unha das representacións da diferenza de clases existente. O xuíz forma parte da xente chegada a Galiza para ocupar postos da administración ou da xustiza, coma neste caso.

A intervención deste personaxe non está escrita, quizais porque falaba castelán ou para expresar distanciamento... así, as súas palabras dedúcense polas respostas que dá o Cibrán en cada momento.

Este personaxe actúa dunha forma moi desconsiderada co acusado. Pasa case todo o tempo dicíndolle que non se afaste dos feitos que interesan e no capítulo V é onde máis se aprecia o desprecio co que se dirixe ao acusado sen meditar a súa situación e sen crer na súa palabra. Neste último capítulo é onde mellor se amosa a distancia dous personaxes.

Tema e Subtemas

- A imposibilidade de saír da marxinalidade.
- A orixe foránea dos cargos importantes (capataces, administrativos, xuíz...).
- Burguesía comercial foránea (Maragatos) distante das clases populares.
- Burguesía autóctona totalmente engreída (Pepe o Cabito, traballador do concello).
- Vella fidalguía que perde popularidade
- Opresión lingüística.
- Actitude violenta e represiva das forzas policiais.

–6–

Argumento

A novela desenvólvese nos arrabaldos de Ourense, concretamente en Auria. Nela cóntase a historia de tres personaxes vítimas dunha sociedade que os oprime: o Bocas, o Milhomes e o Cibrán.

O Cibrán acabábase de reconciliar coa súa muller, a Raxada, e quería comezar unha nova vida a carón dela e do seu fillo, e fuxir da marxinalidade. Pero un día no que amence chovendo, o Cibrán dirixíase ao seu traballo pero atópase co Bocas e o Milhomes que viñan de pasar unha noite de esmorga e aínda estaban bébedos.

Cibrán non conseguiu desenvolverse deles a pesar da aparición tan frecuente do pensamento. Así pois, os tres acabaron por marchar de tabernas e así pasaron o día. Ao longo deste día tamén aparecen outros personaxes que se unen a eles nalgũa ocasión.

Ao caer a noite, un coñecido condúceos cara un castelo no que traballaba , porque os señores estaban fóra,e os amigos foron para a bodega onde estiveron ata que a incendiaron accidentalmente e entón fuxiron.

Outro lugar polo que tiñan moita curiosidade era polo pazo dos Andrada co que se dirixiron aló e conseguiron entrar , ademais o Bocas estaba desexoso por estar coa dona que finalmente resultou ser unha boneca. Volveran a esta casa porque quedaran sen cartos (anteriormente xa intentaran entrar unha primeira vez) e o Milhomes e o Bocas roubaron alí, mais o Cibrán non, cousa que lle aclara ao xuíz.

Cibrán estaba cada vez máis desconcertado e xa lle parecía non recoñecer aos seus amigos.

Cando saíron dalí andiveron por Auria adiante, en certo modo agachándose polo ocorrido no castelo, para que ninguén os atopase.

O Bocas seguía querendo estar cunha muller e entón lembrouse de Socorruto, unha rapaza que quería ter moitos fillos, pero os homes cos que se deitaba tiñan que ulir ben. Era esta a única condición que poñía.

Así pois, o Bocas foi en busca dela, e os outros dous seguírono.

Xa foran informados de que os andaban buscando e de que tiñan que fuxir.

O Milhomes enfadouse co Bocas por querer ir con Socorruto. Suponse que estaba

-7-

celoso, feito que provocou que marchase en busca do Bocas para acoitelalo cunha navalla que levaba. O Cibrán intentou impedilo, cousa que provocou que tamén saíse ferido. Cando o Milhomes chegou a cabo do Bocas , este xa rematara a faena e sen agardar un segundo, o Milhomes apuñalouno deixándoo no chan morto, e o Cibrán tamén se esvaecera falto de forzas.

O Milhomes fuxiu e pasou por encima dunha lagoa que estaba conxelada polo frío e que rompeu polo seu peso, caendo el dentro sen que ninguén o puidese salvar.

E así rematou un día que nun principio parecía ser coma calquera outro, xa que se ía de esmorga con moita frecuencia.

O único que quedara vivo fora o Cibrán e , polo tanto, foi o xuzgado.

A pesar de non ser culpable de nada do ocorrido, o xuíz ordenou que o levara a Garda Civil, cousa que o Cibrán non aceptou e suicidouse alí mesmo coa navalla que empergara o Milhomes.

Opinión persoal

O que me levou a ler esta novela foi o feito de estar considerada, nalgún caso (ou en moitos casos) como a mellor novela galega do s. XX.

Pero o seu contido tamén foi mal interpretado nalgún caso e tense falado de novela picaresca cando non o é en absoluto, senón que é unha novela totalmente REALISTA. Quizáis este feito sexa un dos que máis me gustou polo feito de que a historia que se conta podía ter pasado tranquilamente e exactamente da forma que pasou: o ambiente era o típico da Galiza de principios do s. XX e os personaxes tamén e, en consecuencia, os feitos tamén se desencadeaban da mesma forma.

O peor da novela, a linguaxe. Mais sería imposible facela doutra maneira. É totalmente necesario que sexa así. Esta linguaxe caracterízaa. Entón ¿por que digo que é o peor? Porque ao non estar afeita a esta lectura, faise máis lenta e cansa máis pero insisto en que necesariamente ten que estar escrita así, porque era así como se falaba e como se fala aínda hoxe en moitos sitios.

–8–

Creo tamén que canto se vai ler un libro non debes esperar nada del. É entón cando pode sorprenderte e cando acabas tendo unha boa opinión del, no caso de ser un bo libro.

No meu caso, xa escoitara algo sobre *A esmorga*, e todo o ben considerada que estaba. Entón lina con outra perspectiva. O certo é que non sei moi ben o que esperaba dela en realidade. Non me decepcionou pero esperaba algo máis, non sabería dicir o qué.

O resultado que ao rematala produciu en min foi positivo. Non empezara a lela con moito entusiasmo (e iso tamén conta), entón nun principio non me estaba gustando moito, pero foi cambiando e tamén eu fun poñendo máis interese.

O problema foi que ao empezar estaba moi concentrada na linguaxe e o meu propósito era detectar hiperenxebrismos, arcaísmos, etc. porque me parecían moi importantes a comentar nesta novela, como de feito fixen. Era totalmente necesario un apartado adicado a falar da linguaxe.

Como dicía, cando deixei de lado esa atención excesiva na linguaxe empregada, e introducíndome máis no que era a historia, funme decatando de todas as cousas que se estaban dicindo indirectamente (o que apunto como subtemas): a opresión lingüística, a importancia dos cargos públicos ocupados por xente de fóra, etc.

En realidade, se miramos *A esmorga* desde outra perspectiva, os feitos ocorridos e a morte dos protagonistas pasan a un segundo plano e vemos que na novela se nos narra cómo era a Galiza de principios do s. XX pero que, para contalo, Blanco Amor crea a tres personaxes que nos contan (dalgunha maneira) a súa vida, que era a vida do 80% dos galegos desa época.

Verdadeiramente, estoume dando conta agora (facendo este apartado) do que me gustou a novela. Non me parara a pensar todo isto mentres lin o libro. Agora non me arrepiño.